

medidas de conducción responsable

Debido á situación do centro de gravidade, o tractor pode envorcar se non se manexa correctamente. Circule afastado de gabias, noiros ou lindes en desnivel evitando rocas, pendentes pronunciadas ou calquera depresión do terreo.

Velocidade axeitada

A velocidade excesiva, o terreo abrupto e as posicións das rodas estreitas aumentan o risco de envorcado. Reduza a velocidade ao xirar o tractor.

Distracción cero

Manteña unha continua atención á condución. Levante o apeiro durante as manobras de xiro.

Prohibición de pasaxeiros

Os tractores deséñanse para un só operador. Unha focha ou unha freada pode facer caer o pasaxeiro adicional.

Estacionamento seguro

Ao parar, poña os freos, apague o motor e retire a chave.



e lembre...

Utilice o tractor unicamente para os traballos para os que está concibido



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

seguridade cos tractores

Para máis información

issga.subdirecciontecnica@xunta.es



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA

seguridade cos tractores



XUNTA DE GALICIA

seguridade cos tractores

En Galicia, o tractor causa a maioría dos accidentes mortais no sector agrario.

Os autónomos, xubilados e menores tamén están afectados.

O tractor de cadeas leva consigo un risco maior de accidente mortal.



causas



As causas máis importantes dos accidentes mortais en tractores son:

Envorcado do tractor

A principal causa destes accidentes é o **esmagamento por envorcado** dos tractores sen estrutura de protección, así como a falta de uso de cinto de seguridade.

A maioría dos envorcados prodúcense en explotacións agrícolas ou forestais con desniveis ou con fortes pendentes.

Atropelos

Outra causa importante son os atropelos, tanto doutros traballadores ou pasaxeiros adicionais coma do propio tractorista.

O atropelo normalmente prodúcese en zonas chás ou cunha lixeira pendente.

Atrapamentos

O atrapamento por eixes de transmisión, tomas de forza, poleas, correas ou engraxes tamén provocan numerosos accidentes.

obrigas do empresario

Xerais

- O empresario debe realizar un mantemento adecuado do tractor e garantir que dispón dunha estrutura de protección e cinto de seguridade.
- O empresario debe garantir que o tractor sexa utilizado **unicamente por traballadores designados** para iso, que reciben unha formación específica e dispoñan do carné regulamentario.
- Os tractores deben estar inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).
- Os que circulen pola vía pública deben realizar a Inspección Técnica de Vehículos (ITV).

Elementos de protección

- Todo tractor disporá de **cabina, bastidor ou pórtico** de protección homologados. En calquera caso esta estrutura debe cumprir co disposto no Real decreto 1215/1997.
- O uso do **cinto de seguridade** é obrigatorio para os traballadores. No caso de envorcado, o cinto evita que o tractorista saia proxeitado do asento e a estrutura garante un espazo de seguridade arredor do condutor. Deste xeito evítase o esmagamento.



recomendacións

Recomendacións xerais

Uso e coidado de estribos, escaleiras e agarradoiras	Nunca suba ou baixe dun tractor en movemento nin salte dende o tractor ao chan. Manteña os estribos, escaleiras e, en xeral, todo o tractor limpo e seco.
Protección das partes móbiles	Coidado coa toma de forza e os eixes de transmisión. Deben estar completamente protexidos

Enganche de carga

Carga apropiada	A carga será apropiada (peso e anchura) ao tipo de tractor empregado e enganchárase o máis baixo posible. Se fose necesario, lastrarase o eixe dianteiro para mellorar a estabilidade.
Enganche axeitado	Nunca enganche unha carga ao eixe ou asento, o tractor podería envorcar para atrás.

Mantemento axeitado

Revisións	Revise periodicamente os sistemas de dirección, de freos, estado das rodas, embrague, enganches, etc.
-----------	---

